



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Francisco Vales Villamarín

Carregal, 4 - 15300 BETANZOS (A CORUÑA)

ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es - tlf 881880237 fax 881880240



RESERVA DE PRAZA PARA O CURSO 2021-2022

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 15-03-13), Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01-02-17) e Orde do 18 de decembro de 2020 (DOG 22-12-2020), polas que se modifica a anterior Orde.

O CEIP Francisco Vales Villamarín está adscrito ao IES Francisco Aguiar

- O alumnado de 6º, que promocioe á ESO, terá prioridade para a admisión no IES Francisco Aguiar (*Art. 10.1 Orde do 12 de marzo de 2013*).
- O alumnado que pretenda continuar os seus estudos no IES Francisco Aguiar poderá cumprimentar a solicitude de xeito manual ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e presentala no CEIP Fco. Vales Villamarín. Tamén pode presentarse a través da SEDE ELECTRÓNICA. **O prazo é do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro** do presente ano (*Art. 10.2 Orde do 12 de marzo de 2013*).
- O Anexo I (RESERVA DE PRAZA, CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO) será facilitado polo CEIP Francisco Vales Villamarín, estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación.
- A dirección do CEIP Francisco Vales Villamarín remitirá ao IES Francisco Aguiar as solicitudes de reserva de praza do alumnado que faga uso da prioridade de admisión como centro adscrito (*Art. 10.3 Orde do 12 de marzo de 2013*).
- O alumnado que promocionando á ESO desexe continuar os seus estudos noutro centro, DIFERENTE ao IES Francisco Aguiar, NON cubrirá o Anexo I e deberá presentar a súa solicitude de admisión Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS) entre os días 1 e 20 de marzo do presente ano (*Art. 14. Orde do 12 de marzo de 2013*).
- O Anexo II (ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS), será facilitado polo centro elixido e estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Educación.
- O alumnado admitido tanto no centro ao que se estea adscrito (IES Francisco Aguiar) coma noutro centro, deberá formalizar a súa matrícula entre o 25 de xuño e o 10 de xullo do presente ano (*Art. 40.2.b Orde do 12 de marzo de 2013*).

Betanzos, 8 de xaneiro de 2021

Devolver o recibín asinado:

Don/Donapai/nai/titor/a do/a
alumno/a de sexto curso recibín a circular
relativa a reserva de praza para 1º curso da ESO no IES Francisco Aguiar e outras informacións

Asinado: